



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliacións medias maio 2021

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2021

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de maio do ano 2021 acadou a cifra de 1.010.528 para o total do sistema, o que supón un aumento respecto ao pasado mes de abril de 2021 de 8.534 afiliacións (0,85%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 19.267.221, rexistrando unha subida do 1,11% con respecto ao pasado mes de abril.

Na comparativa interanual (maio de 2021 con maio de 2020) obsérvase un aumento de 34.154 afiliacións no total do sistema en Galicia (3,50%) e un aumento do 3,83% (711.092 afiliacións) no conxunto estatal. Nas comparacións con respecto ao ano pasado hai que ter en conta o forte impacto que a pandemia da COVID tivo no mercado laboral no mes de maio de 2020.


Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de abril de 2021, rexístrase unha subida das afiliacións en todas as comunidades autónomas, destacando Illes Balears, Murcia e La Rioja (con taxas superiores ao 2,00%), mentres que Canarias é a que menos crece (cunha taxa por debaixo do 0,50%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas positivas en dezaseis das dezasete comunidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Murcia (5,69%), Andalucía (5,66%), Castilla La Mancha (5,21%) e Comunitat Valenciana (5,18%); mentres que diminúen as afiliacións soamente en Illes Balears (-6,38%).

Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA MAIO 2021	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	19.267.221	211.923	1,11	711.092	3,83
Galicia	1.010.528	8.534	0,85	34.154	3,50
Andalucía	3.161.085	33.762	1,08	169.220	5,66
Aragón	577.028	10.626	1,88	12.686	2,25
Asturias	362.662	3.245	0,90	12.051	3,44
Illes Balears	456.074	25.049	5,81	-31.066	-6,38
Canarias	776.792	3.684	0,48	18.077	2,38
Cantabria	217.440	1.294	0,60	7.890	3,77
Castilla La Mancha	719.981	10.075	1,42	35.635	5,21
Castilla y León	910.989	7.536	0,83	26.128	2,95
Cataluña	3.435.428	37.363	1,10	120.859	3,65
Comunitat Valenciana	1.923.098	18.747	0,98	94.779	5,18
Extremadura	397.431	6.016	1,54	15.429	4,04
Madrid	3.264.328	20.296	0,63	130.845	4,18
Murcia	621.827	14.295	2,35	33.498	5,69
Navarra	291.919	2.646	0,91	9.342	3,31
País Vasco	963.214	5.554	0,58	16.327	1,72
La Rioja	131.058	2.822	2,20	3.602	2,83
Ceuta e Melilla	46.339	378	0,82	1.635	3,66

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

¹ O Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones dende o informe de abril de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. Pontevedra é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 3,99%, o que supón 13.594 afiliacións máis, seguida de A Coruña (3,77%), Ourense (2,55%) e, por último, Lugo (1,90%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de maio con respecto ás do mes de abril de 2021, rexistrouse en Galicia unha subida do 0,85%. Todas as provincias amosan datos positivos, sendo Ourense a que máis crece (0,92%).

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA MAIO 2021	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	433.952	3.742	0,87	15.777	3,77
LUGO	120.606	925	0,77	2.252	1,90
OURENSE	101.616	922	0,92	2.531	2,55
PONTEVEDRA	354.354	2.945	0,84	13.594	3,99
GALICIA	1.010.528	8.534	0,85	34.154	3,50
ESPAÑA	19.267.221	211.923	1,11	711.092	3,83


Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 77,4% das afiliacións galegas en maio de 2021, aumentaron un 1,07% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un aumento do 4,32%. En España estas taxas foron do 1,25% con respecto a abril de 2021 e do 4,09% en relación ao mes de maio de 2020. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (71,4%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, todas as provincias, agás Lugo (-0,91%), amosan taxas de variación interanual positivas, sendo Pontevedra (2,22%), a taxa máis alta. O crecemento medio da comunidade galega sitúase entón no 1,04%. Para este réxime e con respecto ao mes de abril de 2021, soben todas as provincias resultando para o conxunto de Galicia unha taxa do 0,21%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual (2,70%) e intermensual (0,46%).

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a maio de 2020, rexístranse baixadas en todas as provincias, destacando a caída que se produce en A Coruña (-2,19%). A taxa galega acada entón o -1,82%, sendo inferior á de España (0,05%). Con respecto a abril de 2021, atopamos taxas negativas en todas as provincias, a menor en A Coruña (-1,62%). A taxa galega amosa así unha diminución do 0,81% con respecto a abril de 2021. A taxa nacional é do 0,72%.




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MAIO 2021	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	433.952	0,87	3,77
LUGO	120.606	0,77	1,90
OURENSE	101.616	0,92	2,55
PONTEVEDRA	354.354	0,84	3,99
GALICIA	1.010.528	0,85	3,50
ESPAÑA	19.267.221	1,11	3,83
R. XERAL			
A CORUÑA	343.605	1,08	4,54
LUGO	86.086	1,09	3,06
OURENSE	78.342	1,17	3,31
PONTEVEDRA	274.094	1,02	4,73
GALICIA	782.127	1,07	4,32
ESPAÑA	15.896.250	1,25	4,09
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	84.853	0,20	1,16
LUGO	33.028	0,00	-0,91
OURENSE	23.274	0,07	0,08
PONTEVEDRA	67.533	0,38	2,22
GALICIA	208.687	0,21	1,04
ESPAÑA	3.307.938	0,46	2,70
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	5.494	-1,62	-2,19
LUGO	1.492	-0,22	-0,14
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	12.728	-0,53	-1,85
GALICIA	19.714	-0,81	-1,82
ESPAÑA	61.976	0,72	0,05

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

5.- Expediente de Regulación Temporal de Empleo (ERTE)

Por último, debemos sinalar que dentro do total de afiliados a día 31 de maio de 2021 en Galicia, había 22.863 que se atopaban protexidos por algún tipo de ERTE (non de forza maior, de forza maior ou do RDL 30/2020 e posteriores), 4.135 menos con respecto aos notificados no mes anterior (-15,32%). No total de España, o número de afectados por un ERTE a 31 de maio é de 542.142, producíndose unha diminución de 96.141 respecto ao peche de abril deste ano (-15,06%).

CCAA	NOTIFICADOS A 31 DE MAIO 2021	VARIACIÓNS	
		ÚLTIMO DÍA MES ANTERIOR	
		ABSOLUTA	RELATIVA
España	542.142	-96.141	-15,06
Galicia	22.863	-4.135	-15,32
Andalucía	70.665	-14.248	-16,78
Aragón	10.760	-1.324	-10,96
Asturias	9.499	-2.914	-23,48
Illes Balears	24.959	-4.235	-14,51
Canarias	76.761	-7.770	-9,19
Cantabria	5.597	-523	-8,55
Castilla La Mancha	10.447	-2.181	-17,27
Castilla y León	22.079	-2.334	-9,56
Cataluña	112.089	-24.470	-17,92
Comunitat Valenciana	45.693	-13.818	-23,22
Extremadura	4.805	-958	-16,62
Madrid	86.838	-10.477	-10,77
Murcia	6.827	-1.918	-21,93
Navarra	5.748	-968	-14,41
País Vasco	22.519	-3.239	-12,57
La Rioja	2.775	-362	-11,54
Ceuta e Melilla	1.218	-267	-17,98

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

En canto a situación en Galicia, a maior baixada neste último mes ten lugar en A Coruña (-15,78%) con 1.910 persoas menos.

PROVINCIAS	NOTIFICADOS A 31 DE MAIO 2021	VARIACIÓNS	
		ÚLTIMO DÍA MES ANTERIOR	
		ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	10.197	-1.910	-15,78
LUGO	2.372	-421	-15,07
OURENSE	2.553	-437	-14,62
PONTEVEDRA	7.741	-1.367	-15,01
GALICIA	22.863	-4.135	-15,32

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>